

Ficha de envío de propostas ao Viveiro de propostas normalizadoras da CTNL

Proposta de nome para o proxecto	PREMIOS VOGA
Datos da persoa que fai a proposta	Nome e apelidos: Manuel Bermúdez Blanco Enderezo-e: manuelbermudezblanco@gmail.com Profesión/posto/ámbito/entidade: SNL USC
Breve descrición do proxecto	Instauración dun premio a actividades (campana de reis) ou produtos concretos (Buscatermos) realizados por servizos, colectivos asociados ao redor da causa da lingua, empresas ou por calquera persoa que <u>teñan como obxectivo principal a normalización da lingua galega.</u>
Obxectivos da iniciativa	<ol style="list-style-type: none">1. Recoñecemento: Os premios son un recoñecemento por parte dun colectivo e da sociedade ao traballo dun individuo, dun grupo de traballo ou dunha institución. Isto é moi produtivo para quen o recibe, por ser o premiado e para a actividade en si mesmo, pois pon o foco social sobre ela.2. Positivo: A normalización lingüística, o tema da lingua, está demasiadas veces salpicado de connotacións acedas, de desacordos, de confrontación política. Un premio sobre a nosa actividade vai axudar a transmitir unha imaxe diferente.3. Avaliación: Recibir un premio indica que un produto ou unha actividade está ben argallada. Supón unha valoración externa das persoas que integramos o colectivo. Recibir o premio, ou estar nomeado, é o mellor aval dunha actividade profesional.4. Modelo: Que haxa actividades normalizadoras premiadas é positivo para o colectivo, pois aquelas, as premiadas, han servir como modelos para o colectivo.5. Selección: Premiar significa seleccionar, peneirar. Unha vez feito este traballo, debe resultar máis doado poñer a andar unha actividade contrastada (foi premiada por iso!!). É máis fiable poñer a andar produtos premiados de calidade que non outros que non están avaliados. Iso é un bo argumento para “vender” aos responsables políticos.6. Divulgación: Que é o noticiable? Algo de calidade? Non. O ano pasado vimos como un electricista tivo que roubar o Códice para que se falase del en todo o mundo (!). Unha vez recuperado, o aumento das visitas para ver o libro foi exponencial. O cabo Fisterra, non é o punto máis occidental da Península, nin tan sequera de España; hai un cabo ao norte que se chama o

	<p>cabo da Nave e ese está uns segundos máis ao oeste, pero quen o sabe? Quen pode loitar con datos o que é contradito polo nome de cada un dos lugares: Nave <i>versus</i> Fisterra. Está claro.</p> <p>Podemos facer algo fabuloso, facémolo, de feito, pero se non é noticiable, ninguén vai saber del. Que algo teña a etiqueta de “premiado” é algo que un medio de comunicación pode vender.</p>
Explicación de en que consistiría a acción	<p>1 Crear un xurado. Debería estar aberto a que participase o colectivo a través de “gústames”.</p> <p>2 Utilizando unha das nosas “festas”, crear un espazo de visibilización</p>
Destinatarios/as	[A quen vai dirixida a acción? Quen son os/as destinatarios/as]
Quen se propón que a promova?	O colectivo
Necesidades materiais	
Necesidades humanas	
Proposta de xestión do proxecto	CTNL, CENDL.
Prazos previstos	Estaría ben que estivese funcinando en 2014. É dicir, abrir unha convocatoria para ese ano na que se valorarían os produtos... de 2013
Outras observacións	[Algo máis que engadir para que quede clara a idea?]